

# **CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

## **ACTA Nº 2-2015 DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL**

**- DIA 16/02/2015-**

### **Marxe que se cita:**

#### **Presidente:**

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- (BNG)

#### **Concelleiros/as asistentes:**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSÉ CARLOS GEY HERMO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)

#### **Concelleiros ausentes:**

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

#### **Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

#### **Interventora**

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe pasadas as 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do numero legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

### **ORDE DO DÍA:**

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.

3º.- ADHESIÓN A SOGAMA ATA A INTEGRACIÓN NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA.

## **1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

O Alcalde xustifica a urxencia, tal e como indicou na convocatoria.

Por unha parte, nos prazos dados para aprobar o Plan da Deputación Provincial de A Coruña que remata o 18/02/2015 non podendo acadar as cantidades que poderían distribuírse ao fin de aforro ata hai uns días e encargar o proxecto que entregouse o mesmo

venres da convocatoria.

Por outra, debido ao límite de tempo que para o desistemento na adhesión a SOGAMA outorga a Resolución publicada o 19/12/2015, e aínda que este concello esta a piques de integrarse na Mancomunidade Serra do Barbanza, precisa dito servizo ata daquela, debendo aclarar esta cuestión á entidade antes de dita data.

Sendo o Pleno o órgano competente, sométese a votación a urxencia da sesión resultando que RATIFICASE A URXENCIA da sesión, con 9 votos a favor (5 BNG, 4 do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (os 4 do PP), isto é, 13 dos membros presentes dos 17 membros que compoñen legalmente a corporación, polo tanto a maioría esixida legalmente ao abeiro do artigo 46.2.b Lei 7/1985.

## **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<A Deputación Provincial de A Coruña no pleno do día 27/11/2014, aprobou as bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, Publicadas no BOP Nº 231 de 02/12/2014. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 214.785,14€.

Segundo as bases reguladoras deste plan a finalidade é cooperar cos concellos concedéndolles prestamos coas seguintes características:

- sen xuros
- con dous anos de carencia
- cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2017, nos meses de xuño e novembro.
- Se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a deputación poderá aplicar á compensación coas entregas a conta da recadación ou con calquera outra cantidade que a deputación teña que aboar ao concello.

O concello deberá aplicar a reducir o seu endebedamento como mínimo un importe resultante de aplicar ao préstamo provincial asignado a través deste Plan, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento”, podendo ser o préstamo provincial restante destinalo ben a reducir máis débeda municipal ou ben á realización de investimentos financeiramente sostibles.

Consta o informe da Intervención e Tesourería emitido ao respecto.

En canto ao investimento financieramente sostible, consta o proxecto de obra denominado “Mellora de vías municipais ( Barral-Ceboleiro e 24 mais) “ redactado polo arquitecto superior, Amancio Losada Vicente, colexiado numero 1463, entregado nas dependencias municipais o 13/02/2015, co RXE nº 1602.

Emitido o informe pola arquitecta da asistencia técnica municipal, Ana Piñeiro Esperante, que indica que proxéctase sobre pistas pavimentadas e existentes, non precisando de autorizacións sectoriais nin supervisión técnica, tratándose dunha obra completa.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no “Plan de aforro e investimento (PAI) 2015” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

### ➤ **Redución de endebedamento**

<b>ENTIDADE FINANCEIRA</b>	<b>Nº PRESTAMO</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL</b>
----------------------------	--------------------	----------------------------

		<b>APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA</b>
ABANCA	500-310-67135-9	65.273,20
<b>TOTAL</b>		<b>65.273,20</b>

➤ **Investimentos financeiramente sostibles**

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>ACHEGA MUNICIPAL</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL</b>
Mellora de vías municipais (Barral-Ceboleiro e 24 mais)	149.511,94	0,00	149.511,94
<b>TOTAL</b>			<b>149.511,94</b>

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

➤ **Resumo da aplicación do préstamo provincial**

	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL</b>
Redución de endebedamento	65.273,20
Investimentos financeiramente sostibles	149.511,94
<b>TOTAL</b>	<b>214.785,14</b>

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.>>

O alcalde ofrece a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Ábrese o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martínez Duran, comeza dicindo que está de acordo con que os rianxeiros podan beneficiarse dun plan deseñado pola Deputación e que vai permitir que ésta reduza a súa carga financeira ó beneficiarse dun préstamo sen xuros. Sinala que o informe de intervención advirte que con case total seguridade, cando se liquida o orzamento de 2014 o remanente de tesourería vai a ser negativo, o que vai a obrigar a adoptar novas medidas de axuste. Isto pón de relevo, unha vez mais, que o goberno municipal de Rianxo non está a cumprir o Plan de saneamento que levou ao Pleno. Isto é consecuencia de mala xestión económica, xa que neste concello se gasta sin ningunha precaución e mesmo sen previsión de crédito.

Asemade, a voceira tamén denuncia que se traia ao Pleno a proposta de adopción deste acordo sen terse consensuado cos distintos grupos políticos os investimentos que se van a realizar. Lémbrolla ao alcalde o resultado das urnas e non pode pretender gobernar como si contara cunha maioría que non ten. Polo tanto, vanse a abster.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que coa cantidade que presta a Deputación Provincial estimouse a viabilidade de levar a cabo esta obra, xa que está en unha situación óptima para o préstamo con este xuro (que é baixo). Ese investimento de 25 pistas suporá a súa adecentación, certo que o remanente de tesourería sería negativo unha contía irrisoria de pouco mais de 1000 euros, pero cando se peche a contabilidade é previsible que os ingresos das subvencións a recibir den lugar a un remanente positivo. De calquera xeito, o aforro dos xuros era mínimo xa que os préstamos concertados estan contratados cuns diferenciais moi baixos.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que se suman a aprobación da proposta.

O alcalde resalta que tal e como esa configurado o PAI en canto a criterios de distribución, a diferenza do POS, supón unha redución de mais do 20% sobre o que nos correspondería. Remata o debate dicindo que non está de acordo coa distribución que se fai destes plans, posto que a Deputación Provincial en vez de apoiar aos concellos pequenos e medianos os adica aos concellos grandes como Santiago, A Coruña, etc., premiados con outras liñas que atenden a maior poboación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, e 4 abstencións ( os 4 membros do PP) e cero votos en contra dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

### **3.- ADHESIÓN A SOGAMA ATA A INTEGRACIÓN NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos voceiros dos grupos municipais.

<<Á vista da Disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, a Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas fixou a través da Resolución de 15/12/2014, publicada no DOG do 19/12/2014 as condicións para a adhesión das entidades locais ao sistema.

Segundo a devandita Disposición adicional, os negocios xurídicos subscritos con anterioridade á publicación das condicións de adhesión entenderanse modificados e adaptados ás condicións aprobadas unha vez que transcorra o prazo de 2 meses dende a indicada publicación, agás que nese prazo se comunique desestimento do negocio xurídico subscrito.

O Concello de Rianxo, no tocante ao Servizo de recollida de residuos, atópase inmerso no proceso para a integración na Mancomunidade de concellos Serra do Barbanza, que xa ten adoptado o acordo pola Asamblea para a súa aceptación, expúxose a información pública e remitiu informe á Dirección Xeral de Administración Local así como á Deputación Provincial da Coruña, polo tanto, ven avanzada a tramitación.

Considerando que o sistema de xestión de residuos da Mancomunidade Serra do Barbanza non é o de SOGAMA.

Partindo de que o artigo 26 da Lei 7/1985 de bases de réxime local ( trala modificación operada pola lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) di que nos concellos de poboación inferior a 20.000 habitantes, será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación de varios servizos, entre os que están: “ a) Recollida e tratamento de residuos”, de xeito que a DP actuará de conformidade cos concellos establecendo a forma de prestación, que pode ser ben directa pola Deputación ou ben mediante a implantación de fórmulas de xestión compartida a través de consorcios, mancomunidades ou outras fórmulas. Motivo polo que a integración nunha mancomunidade é un suposto non soamente viable legalmente senón tamén

desexable a este fin e facilitaría a coordinación provincial.

Considerando que a Resolución de 15/12/2014 determina de un prazo mínimo de adhesión de cinco anos, mais por outra banda, a Sociedade Galega de Medio ambiente é o sistema institucional de residuos domésticos promovido pola Administración autonómica.

Co gallo de poder seguir a prestar o servizo de xestión de residuos en tanto non se remata o proceso de integración na mancomunidade, estima que débese ter en conta esta especial circunstancia pola sociedade autonómica.

Polo exposto, esta Alcaldía, e en tanto o negocio xuridico-administrativo con SOGAMA tratase dun aspecto intrinsecamente relacionado coa xestión do servizo público de recollida e tratamento de residuos, propón ao Pleno corporativo a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** acordar a adhesión a SOGAMA polo tempo que reste ata a integración na Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza debido ao avanzado dos trámites.

**Segundo:** remitir a SOGAMA así como á intervención municipal.>>

O alcalde engade que é imprescindible que a Xunta de Galicia e Sogama respecten a autonomía local, ofrece a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

Ábrese o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martínez Duran, comeza a súa intervención dicindo que levamos un ano mareando a perdiz e vostede segue sen explicarnos o por que non foi posible ata o de agora, cumprir o acordo plenario de adhesión. Segue a Alcaldía sen explicarnos cales son os problemas que impediron que a adhesión se materializara e segue sen explicar canto vai a ter que pagar realmente o concello de Rianxo e, na súa consecuencia, canto lle vai a custar ós rianxeiros e rianxeiras a súa decisión. Isto pon de manifesto, unha vez mais, a incapacidade do bipartito para xestionar, por non ser, nin sequera foi posible que o goberno de Rianxo se entendera con alcalde de Noia, que é dun partido afín ó bipartito rianxeiro. Por todo isto, o Partido Popular de Rianxo vai a votar en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, di que sorpréndelle a lixeireza con que se din as cousas, descoñecendo os trámites xa levados a cabo e a piques da súa integración, e onde o concello de Noia manifestou as súas inquiredanzas na procura de concretar os datos económicos que resultarían da integración. Pode adiantar que o estudo económico que se efectuou para atender e aclarar esas dúbidas resultou tal que beneficia a todos os concellos da Mancomunidade.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que considerando a actuación de Sogama, van a aprobar a proposta.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martínez Duran, por alusións comenta as noticias na prensa: Noia veta que o concello de Rianxo entre na Mancomunidade Serra do Barbanza.

Discútese entre os concelleiros esta noticias.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D<sup>a</sup>. Vanesa Martínez Duran, di que así e o que se publicou e non consta contradición de Noia sobre esta noticia.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Carlos Gey Hermo, pide a palabra para dar resposta á voceira do Partido Popular que si esta aprobado por Noia.

O alcalde pide un receso de tres minutos, sendo as 20:37 Horas.

Incorpóranse os concelleiros todos ao salón de Plenos e o alcalde sendo as 20:40 Horas.

O alcalde trae ao pleno o último certificado da Xunta da Mancomunidade recibido o 05/02/2015 no que se reflicten os antecedentes ata chegar aquí, e ao que se adxunta un cadro de custe que a explotación do servizo coa incorporación de Rianxo supón. Di que o único veto que hai aquí é que Rianxo reciba a cantidade que corresponde de recollida do contedor amarelo (está a falar duns 30.000 euros anuais que se viñan recibindo) e se a Xunta de Galicia fora quen, respectaríase a autonomía local. En calquera caso seguiranse reclamando eses cartos que Ecoembes non devolve, unha empresa titere da organización autonómica.

Conclúe que a entrada en Rianxo é positiva para todos, veciños rianxeiros e os dos demais concellos mancomunados.

Por último, o alcalde o que lamenta é que se trafique por parte dos directivos de empresas como estas que logo se acaban coñecendo como aconteceu co anterior Presidente de SOGAMA que facturaba dende o seu despacho privado.

que que ata o presidente de Sogama resulta ser o directivo desta empresa que

O alcalde remata o debate

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo APROBADA por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, e 4 votos en contra ( os 4 membros do PP) e cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

Levántase a sesión ás 20:52 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**